



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Gonzalo Constenla Bergueiro
(Delegado Provincial da Consellería do
Medio Rural)

VOCAIS

D. Xabier Munaiz Alonso
(Avogado polo Colexio da provincia)

**VOCAIS REPRESENTANTES DA
PARROQUIA DE PARADA,
CONCELLO DE SILLEDA**

D. Gumersindo Luaces Taboada
D. José Lamazares López

SECRETARIO

D. José M^a Muíños Mayoral

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día vintedous de febreiro do 2006, coa asistencia das persoas ó marxe reseñadas, reúnese na 4^a planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a resolución do recurso de reposición interposto polo concello de Silleda, contra resolución adoptada polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra o 10 de marzo do 2005

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Mediante escrito con data 16/09/03, D. Gumersindo Luaces Taboada, como presidente da xunta promotora de clasificación do monte "Parada", solicita a clasificación do mencionado monte a favor dos veciños do lugar de Parada, concello de Silleda.

SEGUNDO.- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais na súa reunión de data 28 de abril de 2004 acorda incoar expediente de clasificación do monte "Parada" a favor dos veciños do lugar de Parada, do concello de Silleda, e a súa remisión ó servizo de Montes para a elaboración do informe preceptivo.

TERCEIRO.- Con data 14/07/04, a técnica do Distrito Ambiental XVI, Mónica Leizán Carreira emite informe no que advirte que das 76,03 ha. propostas polos veciños para a súa clasificación, 10,5 ha están fora do concello de Silleda e se engaden 3,5 ha que poderían considerarse monte veciñal, queda unha superficie total de 69,03 ha.



CUARTO.- o monte obxecto do presente expediente de clasificación obedece á seguinte descripción:

CONCELLO: SILLEDA

LUGAR: PARADA

NOME DO MONTE: "Parada"

Cabida: 69,03 Has. aprox.

Lindes:

Norte: Fincas particulares de Adelino Liñares Ramos, José Alvarez Canabal, Jesús Liñares Saborido, José Liñares Taboada, Manuela Liñares Liñares, José Fraiz Taboada, Victoriano Taboada Saborido, Ricardo Gómez Fajardo, Manuela Liñares Solares, José Cachafeiro González, José Medela Villaverde, Antonio Taín Gil, Manuel Gómez López, Antonio González Ramos, Manuela Moa Gamallo, Benito Lojo Meijomenze, Serafín López González, Benjamín Cachafeiro Nogueira, Manuel González Caramés, Primitivo Troitiño Dobarro, Orfilio Varciela Peña, Ramiro Parada Lorenzo, Julio Taín Iglesias, Bautista Liñares Liñares, Ricardo Luaces Parada, Manuel González Taboada, Concepción Ramos Liñares, Benito Docarro Estévez, Adonis Taboada Saborido, José Taboada Gómez, Judalecio López Villaverde, Manuel Taín Taboada, Antonio Fraiz Taboada, Manuel Taboada Santo, Florentino García Villaverde, Dolores Villaverde Fernández e Manuel Ramos Saborido

Sur: Concello de Lalín

Leste: Concello de Lalín

Oeste: Concello de Forcarei

Servidumes e ocupacións:

Servidume de paso de liñas eléctricas de saída de parque eólico a subestación

Cesión a favor do parque eólico do Candán, dunha superficie aproximada de 5 ha.

QUINTO.- Mediante Resolución do Xurado, adoptada na súa reunión do dez de marzo do dous mil cinco, **ACORDOU:**

"Non clasificar o monte "Parada" por non quedar acreditado o aproveitamento en exclusividade do citado monte, por parte dos veciños do lugar de Parada"

SEXTO.- Contra dita resolución, o concello de Silleda presenta recurso de reposición no que entre outras cousa expón: "*.. que o monte Parada ven sendo obxecto de uso comunal de forma exclusiva por parte dos veciños do lugar de Parada desde fai décadas ...*".

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para resolver os recursos de reposición contra as súas resolucións de conformidade co artigo 116 da Lei 30/1992.



Segundo.- Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto por cumprir cos requisitos esixidos polo art. 117.1 da precitada Lei.

Terceiro.- No seu recurso de reposición o propio concello de Silleda, reconece o uso comunal de forma exclusiva por parte dos veciños do lugar de Parada do monte obxecto deste expediente de clasificación.

A maior abundamento do uso comunal do devandito monte, no informe emitido polo Servizo de Montes e Industrias Forestais de data 14/07/04, conséntase a cesión de terreo a favor do parque eólico do Candán para a instalación de aerogeneradores, cuos beneficiarios son os veciños do lugar de Parada.

En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, propónse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA:**

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte "Parada", a favor dos veciños do lugar de Parada, do concello de Silleda, de acordo coa descripción reflectida no antecedente de feito cuarto e a planimetría elaborada ó efecto polo servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente resolución.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 109 a) e 116.3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.



Guace

Unis

[Signature]

[Signature]

[Signature]



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Gonzalo Constenla Bergueiro
(Delegado Provincial da Consellería do Medio Rural)

VOCAIS

D. Víctor Abelleira Argibay
(Avogado polo Colexio da provincia)
D. Jesús de la Fuente Villar
(Xefe do Servicio de Montes e Industrias Forestais, exercendo amáis as funcións de secretario accidental)
Dna. M^a Jesús Novoa Suárez
(Letrada da Asesoría Xurídica da Xunta)

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día vinteseis de outubro do 2006, coa asistencia das persoas ó marxe reseñadas, reúnese na 4^a planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre o recurso extraordinario de revisión interposto por D. José Lamazares López, contra resolución do Xurado de data 22/02/06

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- O expediente de clasificación do monte denominado "Parada", solicitado a favor dos veciños do lugar de Parada, do concello de Silleda, remata coa clasificación de data 22/02/06 a favor dos veciños do devandito lugar, ordeándose en data 05/06/06, a súa inscrición na Sección do Rexistro de Montes Veciñais en Man Común da Delegación Provincial de Pontevedra, da consellería do Medio Rural, ó acada-la condición de firme, ó non se interpoñer recurso algún.

SEGUNDO.- Con data de rexistro de entrada 27/09/06, D. José Lamazares López, en representación dos veciños da parroquia de Parada, presenta recurso extraordinario de revisión, acompañando diversa documentación, solicitando nova resolución pola que se clasifique como MVMC o monte "Parada", a favor dos veciños da parroquia de Parada, do concello de Silleda



FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para resolver los recursos extraordinarios de revisión contra as súas resolucións de conformidade co artigo 118.1 da Lei 30/92, modificada pola Lei 4/99 de réximen xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segundo.- Debe considerarse interposto o recurso extraordinario de revisión, ó amparo do artigo 118.1.2ª da devandita Lei, xa que acompaña novos documentos que fundamentan a súa pretensión. En consecuencia debe ser admitido e resolverse de conformidade co solicitado

Terceiro.- No seu recurso, D. José Lamazares López, acompaña diversa documentación na que fundamenta as súas pretensións. Entre ela, de relevancia, figuran os seguintes documentos:

- Certificación de data 01/06/06, da secretaria do concello de Silleda
- Informe de data 05/06/06, do arquitecto do concello de Silleda

Nos devanditos documentos, confirmase que tanto por D. José Lamazares López, cando solicita a clasificación do monte denominado "Parada" a favor dos veciños do lugar de Parada, como polo concello de Silleda, como polo propio Xurado de Montes, incúrrese no erro de resolver-la clasificación do monte solicitado a prol dos veciños do lugar de Parada, cando a realidade é que dito lugar de Parada, no concello de Silleda, non existe.

Dos documentos aportados, procedentes do concello de Silleda, constátase que o que realmente existe é a parroquia de Parada.

En consecuencia, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación ó caso examinado, e de maneira unánime o Xurado **ACORDA:**


ESTIMA-LO recurso extraordinario de revisión plantexado por D. José Lamazares López, contra resolución do Xurado de Montes de data 22/02/06, pola que se clasificaba o monte denominado "Parada" a prol dos veciños do lugar de Parada, do concello de Silleda, modificando a mesma, no sentido de clasificar o devandito monte "Parada" a prol dos veciños da parroquia de Parada, do concello de Silleda mantendo íntegramente o resto da expresada resolución



Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 109 a) e 116.3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.



Jose Manuel
G. Suarez
Estrella

Nº DA FOLLA 153-37 153-47	 MONTE "PARADA" C.M.V.M.C. DE PARADA SUP. = 74,03 Has.Aprox	DATA : FEB.-2006 AUTOR : TOPOGRAFIA ESCALA : 1/10.000	TRABALLO : PLANO DE CLASIFICACION CONCELLO : SILLEGA COMUNIDADE : LUGAR DE PARADA	PARROQUIA : PARADA MONTE : PARADA XUNTA DE GALICIA CONSELLERIA DO MEDIO RURAL SERVIZO DE MONTES-DELEGACION DE POMTEVEDRA
---------------------------------	---	---	---	---

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ANUNCIO do 19 de decembro de 2024, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, polo que se publica o acordo sobre o deslindamento parcial realizado entre as comunidades de montes veciñais en man común de Masgalán de Arriba (Forcarei) e Parada (Silleda), respecto da estrema común dos seus montes (expediente DC22134).

Para os efectos previstos no artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáse publicidade ao acordo adoptado polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, o 27 de novembro de 2024, en relación co deslindamento parcial entre as comunidades de montes veciñais en man común de Masgalán de Arriba (Forcarei) e Parada (Silleda), respecto da estrema común dos seus montes (expediente DC22134).

Feitos:

Primeiro. O 29 de setembro de 2022 o representante da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (en diante, CMVMC) de Masgalán de Arriba presenta no rexistro electrónico da Xunta de Galicia co número de entrada 2022/2391265, unha solicitude de deslindamento entre a CMVMC de Masgalán de Arriba (Forcarei) e a CMVMC de Parada (Silleda).

Os montes veciñais en man común (en diante, MVMC) afectados por este deslindamento son:

- MVMC de Masgalán de Arriba (ID Monte: 2692) da CMVMC de Masgalán de Arriba.
- MVMC de Parada (ID Monte: 3826) da CMVMC de Parada.

Segundo. Consta no expediente a seguinte documentación do deslindamento conforme o artigo 53 da Lei 7/2012:

- Acta do apeo do deslindamento o 6 de maio de 2022.
- Acta de conciliación número 4/2022 entre as comunidades no Xulgado de Paz de Silleda o 4 de outubro de 2022.



- Certificado do secretario da CMVMC de Masgalán de Arriba coa conformidade do presidente do 12 de xuño de 2022 da aprobación en Asemblea do 12 de xuño de 2022.
- Certificado do secretario da CMVMC de Parada coa conformidade do presidente do 14 de setembro de 2022 da aprobación en Asemblea do 19 de xuño de 2022.
- Memoria descritiva co plano de deslindamento e a cartografía en formato dixital no Datum ETRS89/UTM zona 29N EPSG: 25829. Asinado o 12 de decembro de 2023 polo enxeñeiro técnico forestal colexiada núm. 364 do COETF de Galicia. As emendas realizadas producen a súa modificación.
- Informe de validación gráfica catastral con CSV: ZR71EYBHH73SFYH2 e 66T52HYHRA-GXRHQQ (para a comunicación da alteración catastral consonte o artigo 55.3 da Lei 7/2012), que polo principio de colaboración entre administracións deberá verificar a Xerencia Territorial de Catastro.

Terceiro. A liña de deslindamento proposta ten unha lonxitude de 543 metros, e está composta polos seguintes puntos:

Punto 1-x: 560.344,38 y: 4.717.824,97

Punto 2-x: 560.336,32 y: 4.717.778,09

Punto 3-x: 560.316,55 y: 4.717.678,47

Punto 4-x: 560.306,29 y: 4.717.612,17

Punto 5-x: 560.283,95 y: 4.717.564,19

Punto 6-x: 560.259,77 y: 4.717.516,21

Punto 7-x: 560.209,96 y: 4.717.412,19

Punto 8-x: 560.196,18 y: 4.717.358,10

Punto 9-x: 560.182,86 y: 4.717.311,47

Revisada a cartografía das resolucións de clasificación de ambos os MVMC, detéctase que non existen lindes entre ambos. Os lindes quedan xustificadas pola:

- revisión de esbozo da CMVMC de Masgalán de Arriba (RE24004).



– dereito de superficie (PO-05-DER/00) inscrito no Rexistro da Propiedade.

– titularidade catastral das parcelas implicadas.

– e o expediente DC22132 (deslindamento entre a CMVMC de Masgalán de Arriba e a CMVMC de Noveliza).

O punto 9 é coincidente co punto 3 do expediente DC22132, polo que no dito punto converxen a CMVMC de Masgalán de Arriba, a CMVMC de Noveliza e a CMVMC de Parada.

A liña do deslindamento non respecta exactamente a liña de concellos do Instituto Xeográfico Nacional entre os concellos de Forcarei e Silleda. O deslindamento establécese mediante un acordo das comunidades implicadas no deslindamento.

A liña do deslindamento produce modificacións na cartografía dos esbozos de clasificación das seguintes comunidades:

– CMVMC de Masgalán de Arriba: o expediente de revisión de esbozo RE24004 xa considera o deslindamento actual.

– CMVMC de Parada: achega un axuste para que o deslindamento sexa coincidente no punto inicial e final coa planimetría existente.

O Servizo de Montes considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53, polo que propón a aprobación do deslindamento segundo a liña presentada.

Consideracións legais e técnicas:

Primeira. Esta resolución dítase de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segunda. O artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, recolle o procedemento que hai que seguir no deslindamento entre montes veciñais en man común e establece que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, logo do exame da documentación presentada, ditará unha resolución, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e notificada ás comunidades interesadas.



De acordo cos feitos e consideracións legais e técnicas expostos, o Xurado por unanimidade dos seus membros,

ACORDA:

Aprobar o deslindamento parcial realizado entre a CMVMC de Masgalán de Arriba (Forcarei) e a CMVMC de Parada (Silleda), respecto da súa estrema común nos termos indicados no feito terceiro.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 123 e 124 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Pontevedra, 19 de decembro de 2024

Antonio Crespo Iglesias
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra



560000

560100

560200

560300

560400

560500

560600

4717999

4717899

4717799

4717699

4717599

4717499

4717399

4717299

4717199

4717099

4717999

4717899

4717799

4717699

4717599

4717499

4717399

4717299

4717199

4717099

Punto	X	Y
1	560344,38	4717824,97
2	560336,32	4717778,09
3	560316,55	4717678,47
4	560306,29	4717612,17
5	560283,95	4717564,19
6	560259,77	4717516,21
7	560209,96	4717412,19
8	560196,18	4717358,10
9	560182,86	4717311,47

CMVMC DE MASGALÁN DE ARRIBA

CMVMC DE PARADA

DC22134 MASGALÁN DE ARRIBA-PARADA

● DC22134 Puntos do deslindamento

— Liña do deslindamento

▭ Concellos_IGN

0 100 200



Deslindamento entre a CMVMC de Masgalán de Arriba (Forcarei) e a CMVMC de Parada (Silleda)

XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
SERVIZO DE MONTES

ETRS89/UTM zona 29N. EPSG:25829

SETEMBRO

Escala 1:2.500 -2024

560000

560100


560200

560300

560400

560500

560600




Punto	X	Y
1	560344,38	4717824,97
2	560336,32	4717778,09
3	560316,55	4717678,47
4	560306,29	4717612,17
5	560283,95	4717564,19
6	560259,77	4717516,21
7	560209,96	4717412,19
8	560196,18	4717358,10
9	560182,86	4717311,47

CMVMC DE MASGALÁN DE ARRIBA

CMVMC DE PARADA

DC22134 MASGALÁN DE ARRIBA-PARADA

- DC22134 Puntos do deslindamento
- Liña do deslindamento
- Concellos_IGN



XUNTA DE GALICIA	CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA SERVIZO DE MONTES	
ETRS89/UTM zona 29N. EPSG:25829	
Escala 1:2.500	SETEMBRO -2024